

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 7 DE MAIO DE 2009.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e cinco minutos do día sete de maio do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D<sup>a</sup>. Carolina Cruz Fernández, D. José Juan Roca Lorenzo e D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados. Asiste tamén a interventora accidental, Dna. Mercedes Ocampo Santiago, que se incorpora á sesión ás 9,07 h.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 16.04.2009.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 16 de abril de 2009.

Deseguido e ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente proponse a inclusión, por razón da urxencia, do seguinte asunto: "**CERTIFICACIÓN DE OBRAS**", e tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia o asunto e incluílo na orde do día como punto núm.8.

### **2.- LICENZAS DE OBRAS.**

Faise constar que neste punto, sendo as 9,07 horas, incorpórase á sesión a interventora accidental, Dna. Mercedes Ocampo Santiago.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por catro votos a favor e unha abstención da concelleira sra. Díaz Prados, acorda conceder, sen perxucio de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

## **A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:**

**- D. ANTONIO CRIADO RODRÍGUEZ (EXPTE. 34/2009) segundo solicitude de data 13 de marzo de 2009**, para cambio de tellado de adegas, en Avda. Francisco Yáñez Badía nº 4, referencia catastral: 0420022NJ6102S.

A adegas atópase fóra de ordenación por non gardar os 2 metros de distancia a lindeiros, atopándose adosada á parcela colindante.

Non poderá modificarse o volume existente e rematarase a cuberta con tella do país.

Na zona da reforma non terá máis de 2 metros de altura.

Autorízase tamén o cambio de dúas ventás situadas na adegas.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- D. PEDRO MÉNDEZ VARELA (EXPTE. 43/2009) segundo solicitude de data 6 de abril de 2009**, para cambio de cinco portas e dezanove ventás de aluminio por PVC, en Avda. do Seixo nº 51, referencia catastral: 3517402NJ6131N.

A parcela onde está situada a vivenda onde se vai realizar a obra está cualificada polo PXOM como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**- Dña. MARÍA PLANA CASCO (EXPTE. 45/2009) segundo solicitude de data 8 de abril de 2009**, para preparación de superficies e pintado de fachadas, en R/ Barral nº 21, referencia catastral: 0425719NJ6102N.

A parcela onde está situado o edificio onde se vai realizar a obra está cualificada polo PXOM como Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

## **B) PECHES:**

**- D. JUAN RAMÓN MARTÍNEZ PRADOS (EXPTE. 27/2009) segundo solicitude de data 19 de decembro de 2008**, para construción de muro de contención e reixa, en R/ Cristo nº 81, referencia catastral: 9722025NJ5192S. Dacordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 23.04.2009, obrante no expediente, e no que condicionan as obras a que se reboque e pinte, e que o enreixado sexa de deseño sinxelo e carente de elementos torneados ou connotacións historicistas.

O muro será no fronte da parcela e unha altura total de 1,50 metros.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1,00 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 metros de altura. (Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou arames, nin os remates

agudos.

Distará 6 metros do eixo da vía pública.

O peche irá aliñado coa fachada do edificio, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

### C) LICENZAS DE OBRA MAIOR:

- **D. TOMÁS GARCÍA MONTEAGUDO en representación de D. MANUEL VILA OTERO (EXPTE. 16/2009) segundo solicitude de data 29 de xaneiro de 2009**, para construción de porche anexo á vivenda, en R/ Ares nº 1, referencia catastral: 0526025NJ6102N, segundo proxecto básico e de execución visado o 23.01.2009, redactado polo arquitecto D. Tomás García Monteagudo.

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-D, Solo Urbano Denso.

A finalidade da licenza é a construción dun porche destinado a tendedeiro aberto da vivenda, encostado a ela pola fachada traseira.

Na memoria do proxecto indícase que “*coas obras proxectadas preténdese cubrir a carencia de programa existente na actualidade da vivenda orixinal*” tendo en conta o programa mínimo descrito nas Normas do Hábitat Galego.

O porche está formado por unha cuberta de estrutura lixeira apoiada en tres pilastras de bloque de formigón.

As condicións urbanísticas son:

	NORMA	PROXECTO
Uso	Residencial: categorías 1, 2 e 3	Residencial categoría 1
Parcela mínima	150 m <sup>2</sup>	199 m <sup>2</sup>
Fronte mínimo	6 m.	7,50 m.
Aliñacións	As fixadas nos planos de PXOM	As existentes
Edificabilidade	A resultante de aplicar as condicións de volume	20,20 m <sup>2</sup> a engadir aos 121 m <sup>2</sup> existentes
Profundidade edificable	Grafada en plano a 14 m. dende a aliñación	11 m.
Recuamentos	---	---
Altura máxima	B+3	Porche: B, vivenda: B+1

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 3.650,00 €

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. Tomás García Monteagudo, e o arquitecto técnico director da execución é D. Jorge Durán Panceiras.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado.

- **D. OSCAR ÁLVAREZ CONCHADO en representación de ANTONIO ÁLVAREZ CONCHADO E HIJOS S.L. (EXPTE. 59/2008), segundo solicitude de data 25**

**de marzo de 2008**, para construción de edificio de 2 sotos, planta baixa, dúas plantas altas e baixo cuberta, para garaxe, trasteiros e 27 vivendas, en Camiño Peteiro-Instituto nº 4, referencia catastral: 9924002NJ5192S, segundo proxecto básico visado polo C.O.A.G. en data 14.03.2008, redactado polos arquitectos D. Álvaro Fernández Carballada, Dna. Beatriz Aneiros Filgueira e D. Pablo M. López Becerra. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (15.446,15 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (200,05 m<sup>2</sup>).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-SD, Solo Urbano Semidenso.

A finalidade da licenza é a execución dunha cuberta.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	1.363,62 m <sup>2</sup>	300,00 m <sup>2</sup>
b) Fachada mínima	45,99 m.	6,00 m.
c) Aliñacións	Peteiro-Instituto 10,00 m.	10,00 m.
d) Retranqueos	Linde Sur 3,00 m. Linde Oeste 3,00 m.	3,00 m. 3,00 m.
e) Voos	0,80 m.	0,80 m.
f) Ocupación voo	53,88 %	60,00 %
g) Altura	B+2+Bc (10,00 m.)	B+2+BC (10,00 m)
h) Cuberta	cumpre 35 %	art. 84 30 °
i) Uso de baixocuberta	Desvinculado	Permitido

A finalidade da licenza é a execución do edificio antes descrito e da urbanización ao fronte da parcela de 200,05 m<sup>2</sup>, dos cales se adica o orzamento a:

- caxeado de rúas
- bordos
- beirarrúas

O baixo cuberta actual cumpre o artigo 84 vixente, que o volume proxectado está incluído na envolvente proposta pola Modificación Puntual e tal e como se citou permítese a desvinculación.

O baixo cuberta cumpre a Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras e o Decreto 35/2000, polo que se aprobou o Regulamento que desenvolve a citada Lei.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 1.003.697,10 €

Os arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto D. Álvaro Fernández Carballada, Dna. Beatriz Aneiros Filgueira e D. Pablo M. López Becerra, e o arquitecto técnico director da execución está sen nomear.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A

non observancia destes extremos considerarase falta grave.

Deberá solicitarse aliñación ao concello.

Faise constar respecto ao cumprimento do artigo 120.3 do PXOM, que non se cumprirá; a instalación de contraincendios deberá de adaptarse ao CTE, DB-SI, que é de obrigado cumprimento. O mencionado artigo contradi a norma básica.

Previo ao inicio das obras deberá presentar proxecto de execución e proxecto de infraestruturas da edificación asinados por técnico competente e visados polo correspondente colexio profesional e obter o preceptivo permiso de inicio das obras, así como o nomeamento de director da execución material e coordinador de seguridade e saúde.

#### **D) RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E DENEGACIÓN DE LICENZA (EXPTE. 73/2007)**

Vistas as alegacións presentadas no trámite de audiencia ao interesado por D. Antonio Balado Lorenzo (N.R.E. 1.580/03.04.2009) relativas ao ditame desfavorable da comisión informativa de urbanismo e industria de data 18.03.2009 correspondente ao expediente núm. 73/2007, e tendo en conta o informe da arquitecta municipal de data 13.04.2009, así como o ditame da comisión informativa, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Antonio Balado Lorenzo (N.R.E. 1.580/03.04.2009), polos motivos expostos no informe da arquitecta municipal de data 13.04.2009, do que resulta acreditado que:

- i. *Alegación primeira.- Teno en conta a escala a 1/1000 da cartografía do PXOM, e tamén os planos de delimitación do Castro de San Victorio do Catálogo de patrimonio arqueolóxico protexido, o peche sitúase na liña que separa o grao de protección I Ib do I Ic, pertencendo ambas zonas á ordenanza de protección arqueolóxica en núcleo rural (PANR). Isto tamén pode apreciarse na documentación presentada na propia alegación (en particular follas 2 e 3; na folla 2 o subliñado é unha curva de nivel, non o peche).  
A afección por razón de protección do castro persiste, incluso se o peche se considerara na zona I Ic. En concreto, no informe da arquitecta municipal de data 22.12.2008, indícase a tramitación a seguir (punto 1.5A das Normas xerais de protección do patrimonio arqueolóxico do devandito Catálogo), común a ambas zonas.  
Cabe aclarar que a tramitación descrita no punto 1.5A establécese para todos os actos suxeitos a licenza e que explicitamente o Servizo de patrimonio cultural de Galicia requiriu a paralización cautelar das obras e que estás deberán contar en todo caso coa autorización previa da Consellería de Cultura e Deporte (documento con rexistro de entrada no Concello nº 342/23.01.2009).*
- ii. *Alegación segunda.- O Respecto á lonxitude do peche, cabe a seguinte aclaración: a solicitude presentada referíase a 60 metros lineais de peche, con independencia do que estivera construído no momento da solicitude, razón pola que se fai referencia a esta dimensión nos informes técnicos e no ditame da comisión informativa de urbanismo e industria do 18 de marzo de 2009.*
- iii. *Alegación Terceira.- Respecto do que explica na alegación sobre o peche e outras construcións na parcela colindante, procede averiguar a antigüidade e características destas construcións e licenzas se has houbera. En función disto tomaranse as medidas*

- oportunas para a reposición da legalidade urbanística.*
- iv. *Alegación Terceira bis.- No art. 195.1 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia indícase que «en ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou planeamento urbanístico»*  
*A licenza para peche é obxecto de ditame desfavorable por incumprir o artigo 309 do PXOM.*  
*A devandita licenza, presentada coa obra en execución, solicitouse o 10 de abril de 2007, logo do primeiro informe da policía local ao detectar as obras, de data 9 de abril de 2007. O 25 de abril de 2007 o interesado recibe unha resolución da alcaldía que ordena a inmediata paralización das obras e incoar expediente de protección da legalidade urbanística (expte. 2/07). Ao caducar este expediente ábrese un novo (expte. 15/08) que o interesado recibe o 14 de xaneiro de 2009.*
- v. *Alegacións Cuarta e Quinta.- Denegar a licenza de peche (expte. 73/07) non implica que se negue ao propietario o dereito a pechar a súa finca, únicamente se especifican unhas condicións determinadas polo PXOM, que expresamente a solicitude e a obra realizada non cumpren. Polo tanto, non se imposibilita ao interesado realizar unha nova solicitude de peche de acordo ao artigo 309 do PXOM, obter licenza municipal logo da preceptiva autorización da Consellería de Cultura e Deporte e materializar o devandito peche.*

2.- **Denegar**, en consecuencia a seguinte licenza de obras:

- **D. ANTONIO BALADO LORENZO (EXP. 73/2007) segundo solicitude de data 10 de abril de 2007**, para legalización de peche de finca en lindeiro, en San Victorio nº 4, con referencia catastral: 3109028NJ6130N, polos motivos expostos no punto anterior.

### **3.- SUBVENCIONES AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (A.R.I.)**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe do arquitecto da oficina municipal de rehabilitación de data 08.04.2009, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación inicial á seguinte subvención ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

- **Dna. MARÍA PLANA CASCO (EXPTE. ARI\_09-001A) segundo solicitude de data 8 de abril de 2009**, propietaria da vivenda sita na R/ Barral nº 21, pola cuantía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 2.528,78 € para rehabilitación de edificio sen baleirado interior, e actuacións en elementos comúns e mellora e conservación de elementos con valor arquitectónico, histórico e ambiental.

2.- Concederlle a bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugaros.

**4.- SOLICITUDE DE DNA. JOSEFA Mª SALIDO GARCIA DE REVERSIÓN DA SUPERFICIE CEDIDA -20,10 M2 – AO NORTE DA PARCELA, EXPEDIENTE DE LICENZA DE OBRAS 113/98.**

Vista a solicitude de reversión da superficie cedida no expediente de licenza de obras 113/1998, por Dna. JOSEFA Mª SALIDO GARCÍA no lado norte da parcela, Avda. Bello Piñeiro (N.R.E. 5.789/21.10.2008) e tendo en conta o informe emitido pola arquitecta técnica municipal en data 23.12.2008, obrante no expediente, no que se pon de manifesto o erro padecido no informe de data 03.11.2008, en relación coa solicitude de reversión antes citada, así como o ditame favorable da comisión informativa de urbanismo e industria de 05.11.2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Proceder á reversión da cesión de terreo de 20,10 m<sup>2</sup> no frente da parcela que linda con Bello Piñeiro, efectuada por Dna. JOSEFA Mª SALIDO GARCÍA ao abeiro da licenza de obras 113/1998, manténdose a cesión de 144,16 m<sup>2</sup> correspondente ao linde co Camiño de Boado, que é a que corresponde segundo o vixente PXOM e a tal efecto procederáse a dilixenciar e unir o presente acordo ao contrato privado de cesión de terreo formalizado en data 3 de xullo de 1998, obrante no expediente.

**Segundo.-** Que se proceda, en consecuencia, pola Tesourería municipal á devolución de 772,45 € cantidade que excede dos 825,64 € que deberán manterse en concepto de garantía da urbanización correspondente aos 144,16 m<sup>2</sup> de cesión de terreo.

**5.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JAVIER RODRIGUEZ SANTAMARINA CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 18.03.2009, SOBRE APROBACIÓN E LIQUIDACIÓN DOS GASTOS (DEMOLICIÓN PARCIAL)**

Visto o escrito de reposición interposto por D. JAVIER RODRÍGUEZ SANTAMARINA, (N.R.E. 1.890/22.04.2009), contra a liquidación xirada polo concepto de gastos ocasionados polo intento da execución subsidiaria das obras de demolición parcial na vivenda sita en R/ Barcias nº 34 (O Seixo).

Atendidos os informes da interventora municipal de data 23.04.2009, e do Secretario da Corporación de data 28.04.2009, no que se conclúe:

*1.- Que procede, con carácter previo, acordar a suspensión da execución do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada o día 18.03.2009, así como a estimación do recurso interposto polos motivos expostos, e que se resumen en que non pode facerse recaer sobre o recorrente gastos derivados dunhos feitos que non lle poden ser imputados ao mesmo, e deixar sen efecto a liquidación efectuada por non ser conforme e axustada a realidade.*

*2.- Que debe acreditarse suficientemente no expediente e concretarse pola dirección da obra o custo real e efectivo das obras de demolición efectuadas realmente, así como os correspondentes aos de dirección de execución e os de coordinación de seguridade reais e efectivos que se correspondan coa actuación levada a cabo para a execución subsidiaria da demolición.”*

E atendida asimesmo a proposta formulada polo concelleiro de urbanismo en data 30.04,09, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Estimar o recurso de reposición interposto por D. JAVIER RODRÍGUEZ SANTAMARINA polos motivos expostos nos citados informes da Interventora municipal e do Secretario da Corporación, que se dan aquí por reproducidos.

2º.- Deixar sen efecto a liquidación efectuada en data 24.03.2009, a D. JAVIER RODRÍGUEZ SANTAMARINA en concepto de gastos ocasionados polo intento da execución subsidiaria das obras de demolición parcial na vivenda sita en R/ Barcias nº 34 (O Seixo), polo importe de 13.797,32 €

3º.- Requirir aos arquitectos directores da obra a emisión dun informe de valoración do custe real e efectivos das obras de demolición realmente efectuadas.

4º.- Requirir ao arquitecto técnico director da execución e de coordinación de seguridade e saúde a emisión dun informe das actuacións reais e efectivas levadas a cabo para a execución subsidiaria das obras de demolición.

5º.- Notifíquese este acordo ó interesado e á Tesourería municipal.”

## **6.- APROBACIÓN DO GASTO.**

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2008, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
684	9134	2009.1.452.0.62200	PROYFE,S.L. DIRECCION OBRA DE “PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS” , CERTIFICACION Nº 9	12.683,03 €
685	879	2009.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MARZO	9.321,34 €
731	V01/1424	2009.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS CULTURAI S MUNICIPAI S, INFORMATICA, PINTURA E MÚSICA,MARZO	8.392,75 €
735	V01/1425	2009.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS MUNICIPAI S DEPORTIVAS, MES MARZO	3.401,32 €
737	101-09	2009.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACIONDO ALUMEADO PUBLICO, MARZO	3.060,29 €

738	73	2009.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION DO ALUMEADO PUBLICO,FEBREIRO	3.060,29 €
755	4/2009	2009.0.611.0.22708	GONZALO RODRIGUEZ FERNANDEZ 5% LIQUIDACION 2/2009	4.396,95 €
759	310309	2009.0.432.0.22100	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A. ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO,23.02/25.03.09	3.679,05 €
774	201953708	2009.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 50.506 M3 DE AUGA POTABLE DENDE FERROL, MARZO	6.744,37 €

**7.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DE CUBIERTA Y VESTUARIOS DEL EDIFICIO MUNICIPAL OCUPADO POR EL CLUB DEL MAR DE MUGARDOS (A CORUÑA), INCLUIDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.**

Transcorrido o prazo legal tras a adxudicación provisional da obra epigrafiada e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. MANUEL VARELA COLLAZO S.L. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 2.504,31 euros, e presentada a documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación (documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, relación nominal do persoal a empregar na obra) a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Adxudicar definitivamente a obra de “REHABILITACIÓN DE CUBIERTA Y VESTUARIOS DEL EDIFICIO MUNICIPAL OCUPADO POR EL CLUB DEL MAR DE MUGARDOS (A CORUÑA)“, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, pola modalidade de procedemento negociado sen publicidade, á empresa D. MANUEL VARELA COLLAZO S.L. C.I.F. B15221567 no prezo de CINCUENTA E OITO MIL CEN EUROS (58.100 €) IVE incluído, cuíos datos de adxudicación, tal como se especifica na Resolución do 9 de decembro de 2008, son os seguintes

1- Procedemento seguido para a licitación das obras: Negociado sen publicidade

2.- Data adxudicación definitiva: 07.05.2009

3.- Empresa adxudicataria: D. MANUEL VARELA COLLAZO S.L.  
C.I.F.: B15221567

4.- Importe adxudicación sen IVE: 50.086,21 €

5.- IVA repercutible: 8.013,79 (16 %)

6.- Prazo de execución das obras: Cinco (5) meses.

7.- Número total de persoas a ocupar pola empresa adxudicataria:

- Integradas na empresa: 5
- De nova contratación: 0

**Segundo.-** Aprobar o gasto con cargo á partida 20090.452.0.63200 do vixente presuposto, prorrogado do 2008.”

*Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).*

*Cuarto.- Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.*

## **8.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 10 das obras de “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, das que é adxudicatario D. OBRAS Y CONTRATAS AEDES S.L., por importe de DOUSCENTOS ÚN MIL TRESCENTOS VINTE E ÚN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (201.321,08 €), con cargo á partida 2008.1.452.0.62200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Remitir o presente acordo e a citada certificación á Excma. Deputación Provincial - Sección Patrimonio e Contratación - aos efectos da xustificación do convenio de colaboración asinado entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e os Concellos de Mugardos e Ares para financiar as obras incluídas no proxecto básico e de execución da piscina cuberta climatizada compartida Ares-Mugardos (Nº. 320/2006).

3º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Ares para o seu coñecemento e efectos.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE